

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

Rosalía 1954. Imaxes e memoria da homenaxe no Porto

Olivia Novoa Fernández | María Jesús Botana Vilar

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía 1954. Imaxes e memoria da homenaxe no Porto

PALABRAS CHAVE

Rosalía de Castro;
Portugal; monumento;
noticiarios
cinematográficos;
imaxes; memoria

KEYWORDS

Rosalía de Castro;
Portugal; monument;
newsreels; images;
memory

RESUMO

O 4 de agosto de 1954 foi inaugurada a escultura de Rosalía de Castro que preside a praza da Galiza do Porto. Tratouse, sen dúbida, dun acontecemento importante no que participou Gala Murguía Castro, alén de personalidades de ambos países. Destacado nos xornais e polo noticiario cinematográfico *Imagens de Portugal*, as imaxes en movemento transpórtannos até a celebración. A partir delas e dos textos publicados co gallo da inauguración, tentaremos reconstruír o lugar que ocupa esta memoria en pedra da poeta galega en Portugal.

ABSTRACT

On August 4, 1954, the sculpture of Rosalía de Castro, that that oversees the Galiza Square in Oporto, was inaugurated. It was, without a doubt, an important event in which Gala Murguía Castro, as well as personalities from both countries, participated. Highlighted in the newspapers and by the newsreel *Imagens de Portugal*, the moving images transport us to the celebration. Based on the images and the texts published depicting the inauguration, we will attempt to reconstruct the place that occupies this memory in stone of the Galician poet in Portugal.

Olivia Novoa Fernández
Ciac - Universidade do Algarve
onfernandez@ualg.pt

María Jesús Botana Vilar
Ciac - Universidade do Algarve
mjvilar@ualg.pt

1. Rosalía na gran pantalla: 1954

Estamos en 1954, nunha sala de cinema repican unhas campás, que poderían ser os ecos de Bastavales, e inmediatamente escóitase unha sintonía triunfal, na pantalla proxéctanse as pintorescas imaxes dalgúns monumentos portugueses, entre outros, o Templo de Diana e a Torre de Belém. Como fregueses, antes do filme, hai que cunxar coas imaxes das autoridades que van e veñen inaugurando monumentos e condecorando personalidades, coas noticias das manifestacións populares e patrióticas e das cerimoniais católicas, cos discursos e os acontecementos dun réxime que comeza a esmorecer ante a perda inevitábel das súas colonias. *Imagens de Portugal* (1953-1970), a revista cinematográfica do Secretariado Nacional da Información, rexistraba e proxectaba as noticias do Estado Novo e, nese ano, o seu número 39 abría cunha reportaxe máis sobre unha inauguración^[1]. As primeiras imaxes daquela edición mostran os típicos momentos dos persoeiros saudándose e dirixíndose ao palco de honra ao tempo que o narrador encadra a noticia:

O alcaide de Santiago de Compostela e outras autoridades da Galiza vieram expressamente ao Porto para asistir ao ato inaugural do monumento à grande poetisa galega Rosalia de Castro, homenagem que, em boa hora, o município portuense decidiu prestar à autora insigne dos *Cantares Gallegos*.

[1] Este noticiario está dispoñíbel na Cinemateca Digital de Portugal:
<http://www.cinemateca.pt/Cinemateca-Digital/Ficha.aspx?obraid=3646&type=Video>

Entre as autoridades, identificamos o alcalde do Porto, José Machado Vaz^[2]. Enseguida vemos a Enrique Otero Aenlle^[3], alcalde de Compostela, que tira da corda para percorrer a «tapeçaria com as armas da cidade»^[4], ao tempo que se acciona unha panorámica para revelar a primeira imaxe da escultura enchendo todo o plano (v. Imaxes 1-3). Neste momento solemne están presentes o citado alcalde da cidade portuguesa, João de Brito e Cunha, director dos Servizos de Urbanización e Obras, e Gala Murguía Castro. A cámara segue a comitiva. Acompañada polos homes, Gala camiña segura cara a escultura para presenciar o momento en que se depositará un ramo de flores «com as cores da Galiza» ante o monumento^[5] (v. Imaxe 4). A súa figura fráxil e anciá, de negro ata os pés, cun abrigo ancho e longo, a cabeza cuberta por un chapeu e as mans por unhas luvas, contrasta coa imaxe brillante da representación da nai, robusta e adornada cunha túnica e sandalias, como se fose unha deusa. Pouco máis nos contan estas imaxes, porén constitúen un documento valioso e déixannos un rexistro en movemento da liñaxe de Rosalía permitíndonos adiviñar e imaxinar os seus andares e xestos nos da filla.

A noticia é breve e tan só dura uns 35 segundos. Seguen dous planos da estatua dende diferentes perspectivas e finaliza cun plano xeral onde se aprecia o xardín, a tribuna das personalidades, a banda militar e a presenza de público civil nunha zona separada (v. Imaxes 5-6). O narrador describe: «A estátua do escultor Barata Feyo enquadra-se num ambiente muito apropriado, evocador do suave lirismo da imortal poetisa. O pequeno lago em que se reflete é límpido como as suas rimas. Bela demonstração da irmandade cultural e sentimental luso-espanhola». Rosalía, como unha serea ou mesmo unha divindade, parece repousar silandeiamente espreitando o ceo ao pé das sosegadas augas, mais agora sen a turbulencia das ondas do mar galego que ela tanto amou e do que quixo desfrutar até o seu último alento: «Co seu xordo e costante mormorío / atraime o oleaxen dese mar bravío, / cal atrai das serenas o cantar. / —Neste meu leito misterioso e frío, / dime, ven brandamente a descansar» (*Follas novas*, Poema XVIII. Edición de Angueira, 2016, p. 148).

Neste xénero cinematográfico a figura do narrador é fundamental, pois interpreta as imaxes, carentes a maioría das veces de son directo, xa que este era reservado para os discursos nas grandes ocasións. Ademais diso, e a pesar da súa ligazón coa actualidade, os noticiarios teñen un carácter atemporal e só no caso dos acontecementos importantes é indicada a data, debido a que eran proxectados durante meses despois

[2] Enxeñeiro e político. Presidente da Cámara do Porto (1953-1962).

[3] Profesor de Farmacia, político e investigador que ocupou a alcaldía compostelá de 1949 a 1977.

[4] En «A filla de Rosalía descerrou o monumento». (1954). *O Primeiro de Janeiro*, 4 de agosto. (Ápud Cámara Municipal do Porto, 1955, p. 11).

[5] En «Inauguração do monumento». (1954). *O Primeiro de Janeiro*, 4 de agosto. (Ápud Cámara Municipal de Porto, 1955, p. 10).



Imaxe 1. Enrique Otero Aenlle, José Machado Vaz, Gala Murguía Castro e João Brito e Cunha. Fonte: col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.



Imaxe 2. Tapiz co escudo da cidade. Fonte: col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.



Imaxe 3. A estatua de Rosalía. Fonte: col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.



Imaxe 4. A comitiva dirixese a depositar o ramo. Fonte: col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.



Imaxe 5. A estatua de Rosalía vista de fronte. Fonte: col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.



Imaxe 6. O xardín, a tribuna e o público. Fonte: col. Cinemateca Portuguesa-Museu do Cinema.

do evento. Alén de identificar o insigne acto inaugural celebrado «pouco despois das 17 horas, na melancolia de uma tarde pardacenta, triste como a saudade...»^[6], hai toda unha narrativa que nos leva a recoñecer o estilo afectado de António Lopes Ribeiro, o cineasta do réxime e director desta revista cinematográfica até 1958. O ton descritivo é esaxerado, hiperbólico, tautolóxico, rimbombante e característico do xénero. Máis do que nas imaxes, é no texto onde se fincan as consignas e o adoutramento, nunha linguaxe que se asume sen outras interpretacións, que non é contestada nin refutada, e que recae nesa figura que exerce un papel mediador explicando e interpretando non só o que se ve, senón aquilo que a cámara non consegue mostrar.

Esta noticia pecha facendo referencia á fraternidade entre os dous países, unha consigna que percorre esta serie de noticiarios (Novoa Fernández, 2014; 2015; 2019). Nos anos 50, a Guerra Fría e a Guerra de Corea favoreceron as posicións internacionais dos réximes e a apertura do franquismo coa admisión na Unesco e posteriormente na ONU. En maio de 1953, Craveiro Lopes, o presidente da República, visitara oficialmente Madrid. A diferenza doutros números, este non contén reportaxes pintorescas sobre lugares de Portugal, senón que abre coa noticia da homenaxe a Rosalía, a cal importa enmarcar no apoio internacional ao réxime salazarista mediante a tal referencia á irmandade. A esta séguelle outra breve nova sobre a volta do secretario nacional de información dunha visita a Recife, neste caso cunha referencia a Brasil como terra irmá de «admirável e cavaleiresca solidariedade na hora grave que Portugal atravessa». E esa «hora grave» é a invasión dos territorios de Dadrá e Nagar Aveli na India, acontecida en agosto de 1954 coa consecuente perda deses enclaves. Outra noticia deste número mostra manifestacións de apoio aos portugueses na India nas cidades do Porto e Lisboa, incluíndo o son dos discursos dun concelleiro e do alcalde desta última cidade. De seguido, nunha cerimonia ao carón do túmulo de João de Castro, vicerrei da India portuguesa, infórmase da entrega de dous pendóns que serán enviados pola Mocidade Portuguesa ás colonias. Tamén se dá noticia dunha peregrinación a Fátima desde Lisboa, a cal o narrador relaciona co discurso patriótico de defensa dos dominios ultramarinos. Estes noticiarios eran tamén exhibidos neses territorios e había que calmar os ánimos mostrando o apoio desde o continente, de modo que as imaxes eran montadas, mediadas e interpretadas con ese obxectivo propagandístico (Piçarra, 2015).

Tal e como aconteceu noutros países, en Portugal tamén se produciron series de noticiarios, mais cabe subliñar que non houbo un desenvolvemento da industria cinematográfica comparable ao caso francés, británico, italiano, ou mesmo co NODO español. Incluso coa chegada da televisión, estas series de noticiarios sobreviviron

[6] «Na praça da Galiza à inauguração do monumento a Rosalia de Castro assistiram a filha da gloriosa poetisa galega e as autoridades de S. Tiago de Compostela, Pontevedra e Vigo». (1954). *O Comércio do Porto*, 4 de agosto, p. 1.

ron durante décadas debido ás necesidades propagandísticas do réxime salazarista de controlar a información e transmitir unha imaxe conveniente nas colonias ultramarinas.

Imagens de Portugal (1953-1970) foi unha revista quincenal producida por iniciativa do Secretariado Nacional de Informação, o organismo que en 1946 sucedeu ao Secretariado da Propaganda Nacional, o cal en 1938 comezara a producir *Jornal Português* (1938-1951), a primeira serie realizada con continuidade no país. *Imagens de Portugal* tiña un formato híbrido, entre a revista e o noticioso, pois incluía unha ou dúas reportaxes sobre temas culturais, turísticos e pintorescos de Portugal, xunto a unha serie de noticias, normalmente entre cinco e sete, de temática institucional (inauguracións, partidas e chegadas de personalidades, cerimoniais, etc.) ou sobre asuntos como deportes, cultura e festas populares de ámbito nacional. Até abril de 1958 esta serie foi producida pola SPAC (Sociedade Portuguesa de Actualidades Cinematográficas) e dirixida por António Lopes Ribeiro, e despois desda data comezou a encargarse a produción mediante concurso, cuxa primeira concesión foi para Doperfilme, e en 1961, para Tobis. Cabe sinalar unha diferenza fundamental respecto do caso español, pois o NO-DO, o noticioso franquista, era de exhibición obrigatoria, tiña a exclusividade da produción de noticias, e constituíu unha entidade propia, mentres que no país veciño producíanse e proxectábanse varios noticiosos (Novoa Fernández e Martins, 2016).

Son poucos os asuntos estranxeiros incluídos nesta revista, mais interesaba mostrar as boas relacións co réxime franquista baixo o paraugas dunha consigna que foi adaptándose aos tempos e á evolución das relacións entre as dúas ditaduras: a amizade, fraternidade ou solidariedade peninsular. Un 20% das edicións deste noticioso inclúe algunha noticia relacionada con España, o que equivale a un total de 102 noticias e reportaxes, entre as que encontramos cinco nas que Galiza é mencionada. Tres delas refiren a participación en festas ou acontecementos dedicados ao folclore e as outras dúas están ligadas á literatura. Alén desta nova sobre a homenaxe no Porto, o número 198 dá conta da celebración en Guimarães dos Jogos Florais Luso-Galaicos de 1960, nos cales foi premiado Antón Tovar Bobillo (Novoa Fernández, 2019).

2. Rosalía, lugar de memoria no Porto: 1934-1954

No poema en galego «Dend’as fartas orelas do Mondego», publicado no *Almanach das Senhoras* a finais de 1884 e anteriormente en *Portugal a Camões*^[7], Rosalía imaxinou Coímbra e homenaxeou a Camões a través da lembranza dos amores de Inés de Castro. Aínda que nunca viaxou ao país veciño, a súa poesía foi coñecida en vida

[7] Publicación extraordinaria do *Jornal de Viagens*. A data que aí aparece é: Santiago, abril de 1880. Dispoñíbel na Biblioteca Nacional de Portugal: <https://purl.pt/16331>

e celebrada posteriormente por varios autores e intelectuais portugueses (López e Pociña, 2018; Rodríguez Baptista, 1994; Torres Feijó, 2013; Vázquez Cuesta, 1986; Vieira *et al.*, 2012). Alén do coñecemento circunscrito aos ambientes máis literarios, será na cidade do Porto onde a súa imaxe se consolide como lugar de memoria, de certo con diferentes significados para os seus habitantes e para a comunidade galega que alí se achegue.

Segundo Abreu (1999, p. 197), a primeira noticia da homenaxe á poeta encóntrase nunha proposta de 1934 do concelleiro e enxeñeiro Homem de Melo, quen presentou a creación dunha placa central na praza da Galiza, proxectada e construída neses anos^[8]. Foi a 28 de xuño de 1936 cando o Concello do Porto deliberou dar o nome de Galiza a esta praza (Câmara Municipal do Porto, 1955, p. 5). Dez anos despois, nun oficio administrativo no que se inclúe unha correspondencia entre o Orfeño Universitário e a Câmara Municipal do Porto, aquel informa que ten previsto facer unha visita a Galiza en representación da cidade e da universidade; ademais, menciónase a suxestión do presidente da Câmara, Luís de Pina^[9], de realizar unha homenaxe a Rosalía^[10]. Neste mesmo oficio encóntrase tamén un primeiro proxecto bastante simple que propuña construír unha glorieta e un monumento cunha vieira e cuns loureiros, cuxo autor foi o poeta e pintor José Luís Brandão de Carvalho. Porén, a realización do monumento será posteriormente encargada ao escultor Salvador Barata Feyo, quen asinará o contrato para a execución da obra en xaneiro de 1950, época en que Lucínio Presa^[11] era o alcalde (Câmara Municipal do Porto, 1955, pp. 5-6). Nese mesmo ano, o xornal *Faro de Vigo* publica na súa portada un deseño do anteprojecto, no cal xa se aprecia a forma que terá finalmente, ou sexa, composto pola estatua da poeta e un estanque^[12]. No pé de foto exprésase o desexo de celebrar a inauguración coa presenza de autoridades das dúas rexións. Tres días despois, con motivo da cerimonia de investidura como doutor *honoris causa* de Gustavo Cordeiro Ramos^[13] en Santiago de Compostela, nunha entrevista publicada en *El Correo Gallego*, o reitor da Universidade do

[8] Anteprojecto da Rua Júlio Dinis entre as ruas Triunfo e Saudade. Documento/Processo, 1933/01/19 – 1945. Arquivo Municipal do Porto. Dispoñíbel en <https://gisaweb.cm-porto.pt/units-of-description/documents/23462/?q=pra%C3%A7a+da+galiza>

[9] Este médico, profesor universitario e político foi Presidente da Câmara Municipal do Porto entre 1942 e 1949.

[10] Monumento a Rosalia de Castro. Documento/Processo, 1946/02/11-1954/02/08. Arquivo Municipal do Porto. Dispoñíbel en <https://gisaweb.cm-porto.pt/units-of-description/documents/502279/?q=rosalia>

[11] Militar e presidente da Câmara Municipal do Porto (1949-1953).

[12] «El monumento a Rosalía de Castro en Oporto». (1950). *Faro de Vigo*, 17 de xaneiro, p. 1.

[13] Filólogo, profesor universitario e político. Foi un dos principais ideólogos da política educativa inspirada no nazismo.

Porto, Amândio Tavares^[14], volve falar da homenaxe^[15]. Ao longo do ano 1951, os xornais galegos irán dando noticias da evolución do proxecto, e no 18 de abril de 1951, Otero Aenlle visita Portugal e leva a seguinte mensaxe de parte do Patronato Rosalía de Castro:

Nascidos das mesmas raíces, a unión do sentimento lírico e cósmico cumpriu-se, desde as orixens, entre portugueses e galegos, e na apaixonante estrofe —às veces, quebrada pela intensidade da emoción— da «Cantora do Sar», conseguiu una expressiva forma, de categoria a um tempo universal e muito nossa. Gratidão queremos significar pela notícia de que a cidade do Porto —síntese harmoniosa da avassaladora simpatía de Portugal, lírico e enérgico— se dispõe a esculpir em mármore a recordación, vívida na alma portuguesa, de Rosalía, o que nos obriga a não perder um momento para exprimir a nossa emoción ao Porto. (Câmara Municipal do Porto, 1955, pp. 6-7).

Noutra noticia sobre a estadía de Otero Aenlle en Portugal, publicada en *El Correo Gallego*, fálase da proposta de integrar unha delegación do Patronato no Instituto Superior de Estudos Humanísticos da cidade portuguesa e afirmase que o monumento sería inaugurado en 1952^[16]. É a finais do ano seguinte, en novembro de 1953, cando o *Faro de Vigo* informa que a obra está finalizada^[17]:

La estatua de la gran poetisa, que aparece suavemente reclinada, está impregnada de una dulce melancolía, aquella misma melancolía del mirar y del alma de Rosalía de Castro y que tiene maravilloso reflejo en todos sus versos.

La obra en barro del profesor Barata Feyo fué pasada a granito por el maestro José Raimundo, de Pero Piñeiro, quien finalizó su trabajo en la pasada semana.

Con este motivo reina extraordinario alborozo en los círculos intelectuales y artísticos portuenses, en donde se congratulan de poder admirar el descubrimiento del monumento a Rosalía de Castro, como justo homenaje a la insigne cantora del paisaje y de los sentimientos de Galicia.

Con todo, haberá que agardar case un ano até que sexa descuberto o monumento, o 3 de agosto de 1954, coa celebración dun acto solemne, ao cal foron convida-

[14] Profesor de Medicina e reitor da Universidade do Porto (1945-1961).

[15] Rey Alvite, J. (1950). «Creo que la Asamblea de las Naciones Unidas revocará el acuerdo de 1946 contra España. Unas manifestaciones del ilustre Rector de la Universidad de Oporto, Dr. Tavares». *El Correo Gallego*, 20 de xaneiro, p. 1.

[16] «Relieve de la estancia en Portugal del Sr. Otero Aenlle». (1951). *El Correo Gallego*, 27 de abril, p. 2.

[17] «El monumento a Rosalía de Castro en Oporto va a ser descubierta en la plaza de Galicia». (1953). *Faro de Vigo*, 27 de novembro, p. 6.

dos representantes políticos e intelectuais. Os actos ocuparon dous días. No día 3, ademais da descuberta do monumento, celebrouse un serán literario e artístico na Biblioteca Pública Municipal, que comezou coa conferencia «Rosalía de Castro, estrela do poente», proferida polo escritor Eugenio Montes, seguida da declamación de versos rosalianos (*Cantares Gallegos*), do concerto da Orquestra de Cámara do Conservatório de Música do Porto, e finalmente, unha exposición bibliográfica galai-co-portuguesa. No día 4 houbo un paseo pola cidade e un banquete de gala (Cámara Municipal do Porto, 1955, pp. 9-14)^[18]. Os xornais galegos deron a noticia da saída das personalidades convidadas: os alcaldes da Coruña e Santiago de Compostela, o marqués de Figueroa, presidente do Patronato Rosalía de Castro, e Gala. Tamén os xornais do norte de Portugal, como o *O Comércio do Porto* e o *Jornal de Notícias* destacaron o acontecemento na súa portada.

A poeta entra así na historia da cidade e, no ano seguinte, a Cámara publica *Homenagem a Rosalia de Castro*, un libro conmemorativo que documenta o acontecemento e contén fotografías, algúns dos discursos da cerimonia e cartas de agradecemento^[19]. As palabras laudatorias dos textos reproducidos nesta publicación inscribíense no estilo habitual neste tipo de actos nos que participaban os dous réximes, onde non faltan as referencias ao pasado imperial compartido por ambos países e á defensa da civilización cristiá, adoutrinando na ideoloxía común. Non obstante, na procura dos valores simbólicos que unen Portugal e Galiza, Rosalía configúrase como unha representación icónica da dor e o sufrimento nunha amálgama de saudade e morriña, tal e como podemos entrever no discurso do concelleiro Manuel de Figueiredo:

Aquela saudade de nós próprios, vaga e indefinida, que é do lirismo galaico-português a mais profunda manifestação racial, aquela que mais alto elevou, dignificando-o, o cantar dos Poetas.

Terra da Galiza eu te saúdo (...) na sensibilidade dolorosa, tocada de saudade indefinida, que é a amorosa canção dos teus poetas, que hoje aqui celebramos na expressão mais alta do maior de todos: Rosalia de Castro! (Cámara Municipal do Porto, 1954, p. 21).

Na cerimonia da inauguración, a escritora Elena Quiroga fai referencia a través das palabras de Unamuno ao «culto á dor», identificándoo como «uno de los sentimientos más característicos de este melancólico e saudoso Portugal» (Cámara Mu-

[18] No Arquivo da Cámara Municipal do Porto pódense consultar fotografías dos diversos actos, incluído o menú do ágape. Dispoñíbel en https://gisaweb.cm-porto.pt/units-of-description/?order_by=TITLE&q=Rosal%C3%ADa+de+Castro

[19] Entre outros documentos, dúas cartas de Gala: unha aceptando o convite e outra de agradecemento. Xunto con esta última é reproducido un autógrafo do poema «A Pilar Castro y Alván», que foi ofrecido á institución municipal (Cámara Municipal do Porto, 1955, pp. 37-39).

nicipal do Porto, 1955, p. 24), ao mesmo tempo que funde a paisaxe do monumento cos tópicos e versos rosalianos:

Por este camino del dolor habéis llegado hasta Rosalía, o por esta vía, precisamente, vino Rosalía a vosotros. (...)

El aire de Portugal se moverá en torno a ella, sobre ella resbalará este sol «outro sol temprado miro» y la lluvia de Portugal, del mundo, llorará sobre la estatua de la mujer que tantas veces le cantó. Irá la lluvia menuda formándole arroyo entre los dedos, y han de estremecerse sus manos agradecidas en el afán de recogerla en nuevo canto... Los que crucen ante ella quizá oigan como una brisa de palabras, breves y tiernas, jubilosas y dulces: «Como chove mihudiño».

«Como chove mihudiño» hoy en nuestros corazones! Y como cala, inunda, ahoga la emoción, Rosalía de Castro...

(Câmara Municipal do Porto, 1954, pp. 24-25)

3. Rosalía en pedra: 1950-1954

O alcance iconográfico de Rosalía é un caso extraordinario dentro da cultura galega que transcende tanto as fronteiras do puramente literario como as xeográficas, espaciais e temporais (Barro, 2014; Rábade Villar, 2018; Pereira Bueno, 2014; Rodríguez, 2013; Rodríguez Dacal, 2021). Segundo Calvo Gens (2021), son dúas as fotografías canónicas que serven de áncora para grande parte da creación e do deseño rosaliano^[20], mais parece ser a de Portela a que serviu como modelo para a meirande parte das esculturas rosalianas (Rodríguez Fontenla, 2020)^[21]. Cuestións estas que resultan substanciais, na medida en que o retrato dunha figura pública non só constrúe un relato, senón que difunde todo un discurso (Barro, 2014).

A partir dos retratos e fotografías da autora en vida, as múltiples imaxes que foran repetidas e producidas conservan a súa esencia ensartadas na reiteración dos tópicos rosalianos que conforman un fío que funciona de referente recoñecíbel. Rosalía é canonizada como romántica, doce, melancólica, sufridora, amante da natureza, santa cultural..., tópicos institucionalizados que non só teñen a súa orixe nese legado fotográfico, senón tamén nos seus biógrafos. Constitúese como símbolo nacional consensual abranguendo ideoloxías e camadas sociais, e, como tal, o seu uso público,

[20] Refírese esta estudosa ao retrato realizado, entre 1871 e 1875, por José Sellier, e ao retrato feito a carbón por Antonio Portela Paradela, datado en 1902.

[21] «O debuxo e o xogo de luces e sombras da imaxe suxire unha textura, un perfil de riscos case escultóricos, pétreos, táctiles –non por casualidade a imaxe serviu de modelo a case todas as esculturas que representan a Rosalía» (p. 110).

político e até comercial é inevitábel. Esa esencia, que permaneceu coa perda da súa aura na repetición dunha imaxe reinventada e distorsionada, podería considerarse un lugar de memoria abstracto no imaxinario galego. Porén, cales deses tópicos son recoñecíbeis nese outro lugar de memoria en pedra erixido no Porto?

Comezamos polo máis evidente, as posíbeis significacións da materialidade e do espazo. Por un lado, a escolla do material, o granito rosa de orixe portuguesa^[22], mais tan característico do sur de Galiza. Por outro, o estanque, que se interpreta como referencia inequívoca á súa poesía nas alusións ao monumento en discursos, noticias escritas nos xornais e até no noticiario cinematográfico co que comezamos este texto. O feito de que este monumento fose encomendado a Salvador Barata Feyo (1899-1990) tamén é significativo da importancia con que se quixo revestir esta homenaxe a Galiza (Câmara Municipal do Porto, 1955, pp. 5-6).

O escultor foi unha das figuras máis recorrentes na produción de obras públicas de exaltación nacional por encargo das institucións estatais. Impartiu clases na Escola de Belas Artes do Porto durante 21 anos e foi director do Museo Nacional Soares dos Reis dende 1950 até 1960, desempeñando un papel relevante no seu desenvolvemento mediante a adquisición de obras e a renovación do espazo (Henriques da Silva *et al.*, 2022). Na actualidade, existe un museo dedicado ao artista en Caldas da Rainha, onde se encontra exposta unha maqueta da estatua^[23]. Ademais, Barata Feyo destacou pola realización de estatuas dedicadas a personalidades literarias como Antero de Quental, Alexandre Herculano ou Almeida Garrett, entre outros. A de Almeida Garrett foi inaugurada no mesmo ano que a de Rosalía, a 11 de novembro, co gallo da conmemoración nacional do centenario da morte do escritor portuense, nunha cerimonia multitudinaria coa presenza de Craveiro Lopes^[24]. De feito, a década dos 50 destaca especialmente pola finalización de varios monumentos dedicados a escritores en diversos espazos públicos do distrito do Porto (Vieira *et al.*, 2012). No mesmo mes de agosto inaugurouse a estatua de Ramalho Ortigão^[25] e, dous anos antes, a de Eça de Queiroz, en Póvoa de Varzim, ambas da autoría de Leopoldo de Almeida (Abreu, 1999, p. 201).

[22] Manuel de Figueiredo menciona no discurso proferido na inauguración que a escultura foi tallada en pedra portuguesa (Câmara Municipal do Porto, 1955, p. 19).

[23] Pode verse unha foto actual desta maqueta no blogue de Rogério Santos. En Santos, R. (2017). «Rosalía de Castro no museu Barata Feyo». *Indústrias Culturais*, 10 de febreiro. Dispoñíbel en <https://industrias-culturais.blogspot.com/2017/02/rosalia-de-castro-no-museu-barata-feyo.html>

[24] A edición n.º 46 de *Imagens de Portugal* dedica unha extensa reportaxe ás conmemoracións do centenario. Dispoñíbel en <http://www.cinematca.pt/Cinematca-Digital/Ficha.aspx?obraid=4067&type=Video>

[25] A edición n.º 40 de *Imagens de Portugal* inclúe a noticia da inauguración da estatua a Ramalho de Ortigão que aconteceu a 21 de novembro, tamén cun certo carácter internacional, pois contou coa presenza de autoridades holandesas. Dispoñíbel en <http://www.cinematca.pt/Cinematca-Digital/Ficha.aspx?obraid=3636&type=Video>

Segundo a documentación citada por Abreu (1999, p. 199), a 23 de outubro de 1952 a Comissão Municipal de Arte e Arqueologia aprobou a maqueta definitiva da estatua de Rosalía modelada en barro por Barata Feyo, quen debía indicar como sería feita a transformación en pedra. Este traballo foi encomendado ao mestre José Raimundo, de Pero Pinheiro, localidade pertencente ao municipio de Sintra e coñecida polo desenvolvemento da arte da cantería e pola súa riqueza en mármore e granito. De feito, este mesmo canteiro foi, anos despois, un dos responsábeis de executar o actual Monumento dos Descubrimentos de Lisboa, entre outras obras en pedra^[26].

Descoñecemos cal sería a información que manexou Barata Feyo para recrear a súa Rosalía, no entanto, podemos facer algunhas hipóteses. Supoñendo que soubese do conxunto escultórico compostelá de 1917, obra de Isidro de Benito Domínguez e Francisco Clivillés y Serrano, encontramos que ambas as estatuas comparten a escolla da pedra en granito e a representación da poeta en posición sedente. A Rosalía da Alameda é tallada cun xesto melancólico e pensativo que lle confire a pose do queixo apoiado no seu brazo dereito. Ora ben, a portuense semella menos estática. A cabeza erguida, o ollar ao lonxe e a man dereita cruzada diante do corpo parecen imprimir movemento e unha pose previa á declamación, afastándoa do tópico introspectivo e nostáxico. O plinto, esculpido na mesma pedra, enmarca a figura nunha especie de *kline* e, xunto cos brazos rexos, as sandalias nos pés e a túnica, remite a unha idealización clásica inculcándolle as características dunha Venus sinxela desprovista de erotismo^[27]. É plausible pensar que a escolla de Barata Feyo responde a un exercicio formal de reinvenção da tradición clásica que caracterizou a figuración modernista do artista (Pelayo, 2013). A estatua de Rosalía supón unha mudanza na obra do escultor ao representar a figura da homenaxe sentada, postura que volve executar na de Almeida Garrett, rematada no mesmo ano (v. Imaxes 7-10). En contraposición, os volumes xeométricos desta obra en bronce denotan certa abstracción e a teatralidade da expresión do escritor inscribena no tópico do arrebatamento romántico (Abreu, 1999, pp. 208-210).

É probable que, no seu proceso creativo, o debuxo fose un elemento fundamental, especialmente se atendemos ás palabras do mesmo escultor:

O desenho consegue ser transparente, mais leve. A folha de papel oferece todas as profundidades que soubermos encontrar-lhe. Portanto aí é mais fácil certamente descobrir o espírito (alma) do retratado e vesti-lo de ossos, nervos e roupa traduzidos em formas

[26] No episodio «O lado certo do Padrão», do podcast *Histórias de Portugal*, o fillo de José Raimundo fala da participación do pai. Disponível en <https://historiasdeportugal.com/3-o-lado-certo-do-padrao/>

[27] Agustina Bessa-Luis ofrece outro punto de vista interpretando esta representación como se fose un monumento de carácter funerario: «Não é um retrato de poetisa, é mais do que isso. O escultor Barata Feyo foi o autor do monumento que, pela simplicidade, faz estremecer o coração; Rosalía parece estar sentada sobre a própria tumba, olhando o mar de que tanto queria conhecer o fundo, pelas Torres de Oeste chegada à romaria Viking». (López e Pociña, 2018, p. 211).

e somando estas num todo unísono. É mais fácil apagar com um pano leve o carvão de uma folha de papel do que destruir uma forma modelada. Esta necessita de uma estrutura/esqueleto de ferro, cruzetas e barro enquanto que o desenho precisa apenas de uma folha de papel e carvão. Isso basta (*Apud* Pelayo, 2013, p. 682).

Na primeira páxina da publicación dedicada á homenaxe é reproducido un debuxo de Rosalía que nos parece inspirado na fotografía de Sellier, á que probablemente tería acceso o escultor nalgunha das súas reproducións ou versións (v. Imaxes 11-12). Trátase dun retrato fotográfico de madurez que se converteu en canónico e en epítome da imaxe que o mesmo Murguía desexaba transmitir da súa muller:

(...) muller modesta, humilde, toda dozura e amabilidade (...). Unha imaxe estandarizada que, coma todo retrato, contou co consentimento da retratada para compoñer unha pose que transmite esa idea da muller perfecta para a sociedade patriarcal do século XIX (...) E así, aquela muller de pensamento e obra realmente revolucionaria, adopta a pose de muller convencional do seu tempo (...) A nosa escritora aparece na fotografía de Sellier co sorriso amplo, tentando mostrarse como unha persoa amable; o vestido escuro indica discreción e como toque feminino un pequeno e grácil toucado sobre o cabelo. A modelo olla directamente ao observador... (Barro, 2014).

Coa cabeza ladeada^[28], a expresión doce, os ollos máis entornados que abertos e a boca pechada, Feyo capta a lectura máis estendida de Rosalía, é dicir, a de muller dócil e amorosa, o que non deixa de ser un cliché esixido pola época e, quizais, por aqueles que lle encomendaron a obra. Conserva a maqueta moldeada polo artista a dozura nos trazos arredondados, pero gaña un xesto máis firme e menos submisivo co ollar elevado (v. Imaxe 13). Emporiso, é na perennidade da pedra onde os volumes ofrecen un perfil máis anguloso, inmortalizando o espírito triunfante dunha Rosalía senlleira.

[28] «O aceno de ladear a cabeza estaba xa codificado na tradición pictórica occidental do retrato. Un grupo de tres profesores italianos publicou un estudo no que analiza retratos entre o século XIII e o XIX, concluíndo que onde máis cabezas ladeadas aparecen é nos retratos dos relixiosos e nos das mulleres» (Barro, 2014).




Imaxe 7. A estatua vista de fronte.
Fotografía de 27 de decembro de 2024



Imaxe 8. A estatua de Almeida Garret.
Fonte: Wikipedia. CC BY-SA 3.0 Otourly



Imaxe 9. A estatua vista dende un dos lados.
Fotografía de 27 de decembro de 2024.




Imaxe 10. A estatua vista dende atrás.
Fotografía de 27 de decembro de 2024.



Imaxe 11. Retrato de Rosalía de Castro.
Fonte: Galiciana Arquivo Dixital de Galicia.



Imaxe 12. Debuxo de Salvador Barata Feyo.
Fonte: *Homenagem a Rosalía de Castro*.



Imaxe 13. A Maqueta da estatua exposta no Museo Barata Feyo. Fonte: Tripadvisor. (c) hans-jaguar. Fair use.



Imaxe 14. A estatua vista dende o estanque.
Fotografía de 27 de decembro de 2024.



Imaxe 15. A estatua vista dende o estanque.
Fotografía de 27 de decembro de 2024.



Imaxe 16. Detalle da man da estatua.
Fotografía de 27 de decembro de 2024.



Imaxe 17. Detalle da inscrición e do grafiti.
Fotografía de 27 de decembro de 2024.

4. Rosalía, memoria viva: 2024

Por iniciativa da Fundación Rosalía de Castro o luns 14 de outubro de 2024 celebrouse a conmemoración dos 70 anos do monumento, en colaboración coa Cámara Municipal do Porto, a Xunta e o Parlamento de Galicia. A estatua de Rosalía volveu ser lembrada como símbolo da ligazón con Portugal e nos discursos resoaron os ecos da amizade e da fraternidade, agora cinguida ao espazo democrático das relacións culturais galego-portuguesas^[29]. Moito máis modesta que a de 1954, a celebración recuperou algúns actos daquela primeira homenaxe. As personalidades depositaron flores na estatua. Dúas poetas, Chus Pato e Sofia Bodas de Carvalho, galega e portuense, recitaron poemas perante o monumento. Amancio Prada cantounos e os discursos exaltaron a figura rosaliana. Entre outros representantes institucionais, estiveron presentes o presidente da Fundación Rosalía, Anxo Angueira, o alcalde do Porto, Rui Moreira, e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que aparecen nas fotos plantando unha filla da figueira de Rosalía nos xardíns do Palacio de Cristal. E dela xurdirán novos rebentos que perpetuarán ese cordón umbilical que nos une e que tece o manto da palabra viva e perenne da poeta.

Tal como a irmandade entre Portugal e Galiza, este texto non se esgota aquí. Fáltanos tirar máis do fío da documentación que poida testemuñar o proceso de creación da escultura, rastrexando os xornais portugueses, os arquivos da Cámara Municipal do Porto, o legado de Salvador Barata Feyo ou até os testemuños da familia do mestre José Raimundo.

Sete décadas despois, o marco verde do monumento é menos frondoso e aquel “espelho” de auga tan eloxiado está seco (v. Imaxe 14). Envolta polo barullo da axitada circulación da cidade, Rosalía resiste inmortalizada na pedra eterna. O tempo feriu un bocado os dedos da man dereita (V. Imaxe 16). Un enorme guindastre anuncia a construción da nova estación de metro que levará o nome de Galiza (V.

[29] O relato do acto pode consultarse en varios xornais galegos e nas páxinas das institucións. Citamos algúns:

«Rosalía fai 70 anos na Praça da Galiza». (2024). *Praza.gal*, 14 de outubro. Dispoñíbel en <https://praza.gal/cultura/rosalia-fai-70-anos-na-praca-da-galiza-do-porto>

«Há sete décadas que a figura de Rosalía de Castro personifica a amizade entre o Porto e a Galiza». (2024). *Porto.pt*, 15 de outubro. Dispoñíbel en <https://dev.porto.pt/pt/noticia/ha-sete-decadas-que-a-figura-de-rosalia-de-castro-personifica-a-amizade-entre-o-porto-e-a-galiza>

Porto, H. (2024). «Rosalía, 70 anos no Porto, “no corazón poético e estremecido de todo Portugal”». *La Voz de Galicia*, 15 de outubro. Dispoñíbel en https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2024/10/15/span-langglrosalia-70-anos-porto-corazon-poetico-estremecido-portugalspan/0003_202410G15P31991.htm

«Porto e Galiza “deram as mãos” em homenagem a poeta ilustre» (2024). *Viva! O grande Porto Online*, 15 de outubro. Dispoñíbel en <https://viva-porto.pt/porto-e-galiza-deram-as-maos-em-homenagem-a-poeta-ilustre/>

imaxe 15). Descoñecemos se Joel ou Iolanda, ou ambos, quixeron perpetuar o seu amor cun graffiti palíndromo debaixo do seu nome (V. imaxe 17). Talvez lles perdoaríamos o vandalismo se repicasen os seus versos de *Cantares gallegos*: O meu corason che mando / cunha chave para o abrir. / Nin eu teño máis que darche, / nin ti máis que me pedir (Poema 2. Edición de Angueira, 2013, p. 133).

BIBLIOGRAFÍA

- Abreu, J. G. (1999). *A escultura no espazo público do Porto do século XX: inventário, história e perspectivas de interpretación*. [Traballo de Máster]. Universidade do Porto. Dispoñíbel en <http://hdl.handle.net/10216/14510>
- Barro P. (2014). «As tres Rosalías», un texto de Pepe Barro». *Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro*, 12 de agosto. Dispoñíbel en <https://rosalia.gal/as-tres-rosalias-un-texto-de-pepe-barro/>
- Castro, Rosalía de (2013). *Cantares gallegos*. Estudo, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Castro, Rosalía de (2016). *Follas novas*. Estudo, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Calvo Gens, L. (2021). *Laura Calvo Gens, «A configuración visual de Rosalía de Castro como relato ucrónico»*. [YouTube]. 2 de xuño. Dispoñíbel en https://www.youtube.com/watch?v=e6lWp_1x6_4
- Câmara Municipal do Porto. (1955). *Homenagem a Rosalia de Castro. Agosto de 1954*. Porto, Gabinete de História da Cidade.
- D' Oliveira, E. e Martinez, B. J. (Dir.) (1880). *Portugal a Camões: publicação extraordinaria do jornal de viagens commemorando o tricentenário do cantor dos Lusíadas*. Porto, Impr. Int. de Ferreira de Brito e A. Monteiro. Dispoñíbel en <https://purl.pt/16331>

- Henriques da Silva, R., Monteiro, J., Ferreira, E. e Pereira, E. (Coord.) (2022). *Dicionário. Quem é quem na museologia portuguesa*. Edição revista e ampliada. Lisboa, Instituto de História da Arte – Nova FCSH. Disponível em <http://hdl.handle.net/10362/142913>
- López A. e Pociña, A. (2018). A recepción de Rosalía en Portugal. *Follas Novas. Revista de estudos rosalianos*, 3, pp. 195-217. Disponível em <https://follasnovas.rosalia.gal/revista/numero-3/>
- Novoa Fernández, O. (2014). «Por si nos falla la memoria: la hermandad ibérica en los noticiarios cinematográficos». En A. C. Valente e R. Capucho (coord.), *Avanca Cinema 2014*. Avanca, Cine-Clube de Avanca, pp. 1131-1136. Disponível em <http://hdl.handle.net/10400.1/9088>
- Novoa Fernández, O. (2015). «Literacia y memoria audiovisual de las dictaduras: el adoctrinamiento de la hermandad ibérica en los noticiarios». En J. A. Moreira de Sales e B. M. Mendes da Silva (orgs.), *Arte, tecnologia e poéticas contemporâneas*, Fortaleza, UECE, pp. 307- 333. Disponível em <http://hdl.handle.net/10400.1/9056>
- Novoa Fernández, O. (2019). *Noticiarios enlatados: del rescate a la literacia de imágenes referentes a España en el cine informativo portugués*. [Tese de Doutoramento]. Universidade do Algarve. Disponível em <http://hdl.handle.net/10400.1/13631>
- Novoa Fernández, O. e Martins, A. F. (2016). «Dinâmicas no consenso: a mudança de regime no cinema de atualidades em Portugal e Espanha». En J. Carrega e I. Fechine (orgs.), *Perspectivas luso-brasileiras em artes e comunicação. Vol 1: cinema e outras artes*, Faro/Campina Grande, CIAC/Universidade Estadual da Paraíba, pp. 95-111. Disponível em <http://hdl.handle.net/10400.1/8691>
- Pereira Bueno, F. (2014). «Rosalía de Castro en imaxes, factores que influíron na configuración da súa representación icónica». En R. Álvarez, A. Angueira, M. C. Rábade e D. Vila-vedra (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 252-261 Disponível em <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2>
- Pelayo, R. (2013). «Processo e conceção escultórica – A propósito de alguns desenhos de Salvador Barata Foyo». En J. P. Queiroz (ed.), *Atas do IV Congresso Internacional Criadores sobre outras obras CSO'2013*. Lisboa, Faculdade de Belas Artes da Universidade de Lisboa, pp. , 676-683. Disponível em <https://hdl.handle.net/10216/146384>
- Piçarra, M. C. (2015). *Azuis ultramarinos. Propaganda colonial e censura no cinema do Estado Novo*. Lisboa, Edições 70.

- Rábade Villar, M. C. (2018). «Cuerpos desenterrados: Rosalía de Castro como santa cultural». *Celehis: Revista del Centro de Letras Hispánicoamericanas*, 36, pp. 16-28. Disponível em <https://fh.mdp.edu.ar/revistas/index.php/celehis/article/view/3103>
- Rodríguez, L. (2013). «O retrato de Portela que mudou a imaxe de Rosalía». *Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro*, 26 de maio. Disponível em <https://rosalia.gal/retrato-portela/>
- Rodríguez Baptista, A. (1994). «Rosalía de Castro no horizonte dos “saudosistas” portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoais». *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, pp. 173-183. Disponível em <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1419>
- Rodríguez Dacal, C. (2021). «Xardíns, plantas e monumentos onomásticos rosalianos en Galiza e alén das fronteiras». *Follas Novas. Revista de estudos rosalianos*, 6, pp. 224-235. Disponível em <https://follasnovas.rosalia.gal/revista/numero-6/>
- Rodríguez Fontenla, M. A. (2020). «Rosalía de Castro nas artes visuais. Mitificación e rostrificación da imaxe fotográfica». *Follas Novas. Revista de estudos rosalianos*, 5, pp. 96-118. Disponível em <https://follasnovas.rosalia.gal/revista/numero-5/>
- Torres Feijó, E. (2013). «Intimismo e comunidade galego-portuguesa. Rosalía de Castro: Dende’as fartas orelas do Mondego». En C. Pazos Alonso e S. Parkinson (eds.), *Reading literature in Portuguese. Commentaires in Honour of Tom Earle*. Oxford, Modern Humanities Research Association and Routledge, pp.125-132. Disponível em https://www.researchgate.net/publication/311102387_Intimismo_e_comunidade_galego-portuguesa_Rosalia_de_Castro_Dendeas_fartas_orelas_do_Mondego
- Vázquez Cuesta, P. (1986). «A recepción de Rosalía en Portugal». *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (III)*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega/Universidade de Santiago de Compostela, pp. 261-267. Disponível em <http://hdl.handle.net/10347/10301>
- Vieira, C., Rio Novo, I., Padrão M. H. e Guerra, I. (2012). «A fortuna dos escritores: estátuas inauguradas no Porto na década de 50». *Intermedia Review, 1.Génération de 50: Culture, Littérature, Cinéma*, 1, pp. 9-41. Disponível em <http://hdl.handle.net/10400.24/459>

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO